

*O Alcalde de Vigo*

Sr. D. Luís López Diéguez  
Presidente da Deputación de Pontevedra  
Avenida Montero Ríos, s/n  
36071 Pontevedra

ALCALDÍA  
CONCELLO DE VIGO  
Registro de Saída Nº  
92495  
Data 13 de setembro 2023

Vigo, 13 de setembro de 2023

Estimado presidente:

Logo do teu nomeamento como máximo responsable da Deputación de Pontevedra, quero trasladarche a miña vontade de que, nesta nova etapa que inicias, continuemos na senda da cooperación institucional entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra desenvolvida nos últimos oito anos. Unha colaboración en beneficio de Vigo e da cidadanía viguesa e, porén, de toda a provincia.

É por iso que quero manifestarche a necesidade de que continuemos co sistema de convenios entre a Deputación Provincial e o Concello, mantendo así as partidas que Vigo ten asignadas nestes momentos.

Como alcalde da cidade considero indispensable que asinemos os convenios na liña dos que xa temos firmados. Fágoche chegar unha copia dos mesmos para que coñezas o seu alcance.

Os convenios asinados nos últimos oito anos recollen as achegas transferidas ao Concello de Vigo, co fin de realizar investimentos na cidade en materia de infraestruturas, humanizacións, servizos e outras actuacións, que se reflicten de forma específica, e en cuxas obras facemos constar que os fondos proceden da Deputación.

Adicionalmente e como ben saberás, a Deputación participou na remodelación das gradas de Tribuna, Río e Marcador Centenario, quedando pendente a rehabilitación de Gol. O Concello ten grande interese en acometer esta obra de xeito inmediato polo que agardo que a Deputación inclúa no seus orzamentos dos próximos anos as partidas correspondentes para cofinanciar o 50% desta actuación, tal e como se fixo no resto do estadio.

Agardando que poidamos seguir mantendo a cooperación institucional, recibe un saúdo cordial



Abel Caballero,  
Alcalde de Vigo